

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TEO**

*ANUNCIO da corrección de erros da convocatoria e das bases que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de administrativo, funcionario de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición.*

A Resolución da Alcaldía nº 504/2021, do 24.5.2021, aprobou a convocatoria e as bases que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de administrativo, funcionario de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña núm. 99, do 28 de maio de 2021, publicáronse integramente as bases da convocatoria.

As resolucións da Alcaldía nº 791/2021, do 7.7.2021, e nº 830/2021, do 15.7.2021, aprobaron cadansúa corrección de erros.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña núm. 136, do 21 de xullo de 2021, publicáronse integramente as bases da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuaranse no taboleiro de anuncios da Corporación, na páxina web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Teo: [www.teo.gal](http://www.teo.gal)

Teo, 21 de xullo de 2021

Rafael C. Sisto Edreira  
Alcalde

